

# PAS LABORAL DA UDC

## ELECCIÓN A COMITÉ DE EMPRESA

# VOTA CUT

CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES/AS

PORQUE QUEREN  
ACABAR CO  
COLECTIVO

PARA REMATAR  
OS PROCESOS  
PENDENTES

PARA AFRONTAR  
OS INTENTOS DE  
RECORTAR OS  
NOSOS DEREITOS

PARA FORTALECERNOS  
E LOITAR UNIDAS/OS  
POR NOVAS  
CONQUISTAS

UNIVA  
LOITO POLOS SERVIZOS PÚBLICOS  
NON



# PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

## ELECCIÓN A COMITÉ DE EMPRESA 2014

**De novo imos elixir Comité de Empresa**, esta vez, ao baixar en número de traballadores/as tamén diminúe o número de persoas que o compoñen. Pasamos de un Comité de 13 a un de 5 representantes. **Participamos neste proceso** coa pretensión de transcender os proxectos particulares e ir a proxectos que nos aglutinen como grupo, a proxectos conxuntos, por este motivo entendemos que a asemblea é o xeito apropiado para tomar as decisións. Comprometémonos a ser coherentes coas decisións que nela se tomen, iso si, nós tamén reclamamos a coherencia do colectivo coa decisión tomada.

### A Central Unitaria de Traballadores/as convocamos as eleccións sindicais:

- ☆ **Porque queren acabar co colectivo**, as outras centrais sindicais renunciaron á convocatoria de eleccións, mantendo conversacións coa Xerencia para a absorción do PAS laboral polo persoal do Capítulo VI.
- ☆ **Porque aínda quedan procesos pendentes**, nomeadamente:
  - ⊛ **Quedan oposicións por rematar**, entre elas **algunhas pendentes de recursos xudiciais**, neste caso, de ser elixidos, poñerémonos a disposición das compañeiras e compañeiros afectados para axudar no que for posible. **Non os/as abandonaremos.**
  - ⊛ O **proceso de funcionarización** non está rematado e é obriga do Comité de Empresa velar porque o que se iniciou conclúa segundo o asinado. En circunstancias "normais" o Comité de Empresa debería ser o último en participar no proceso.
  - ⊛ As **reclamacións salariais** derivadas dos recortes realizados polo goberno central e a Xunta de Galicia ás que engadiremos, a reclamación da parte proporcional do recortado no ano 2013.
- ☆ **Porque queremos defender e, de ser posible, ampliar e mellorar** as condicións laborais, económicas e sociais do PAS laboral.
- ☆ **Porque** entendemos que, agora máis que nunca, **é imprescindible a dignificación do colectivo**, condición imprescindible para proxectar posteriores actuacións encamiñadas á preservación e incremento de todo o conseguido até agora.



Cando iniciamos a nosa andaina no anterior Comité de Empresa, aló polo 2008, a situación era caótica, unha mestura de intereses confluía contra os dereitos de todas e todos os traballadores e traballadoras: Atopámonos con que se negociaran uns temarios para as oposicións totalmente á marxe do colectivo e, tamén, con que eses temarios eran coñecidos por unha parte d@s traballador@s mentres que outr@s non sabían nada deles. O primeiro que fixemos foi colgalos na páxina web e propuxémonos e conseguimos



negociar outros nos que a participación colectiva foi o eixo fundamental.

Negociamos un Convenio Colectivo moi beneficioso e que serviu de base para as convocatorias de probas selectivas.



Debido á irracional posición do Equipo de Goberno da Universidade, non conseguimos levar a efecto o reflectido na Transitoria Segunda do Convenio Colectivo, a pesar das mobilizacións realizadas que incluíron un peche na Reitoría. A reiterada desculpa do Equipo de Goberno foi a falta de dispoñibilidade económica. Mentres que se nos negaba ao PAS unha mísera cantidade, desembolsábanse inxentes cantidades de diñeiro nunhas dobres pensións para o PDI (que posteriormente o Consello de Contas declarou ilegais) e o PDI laboral negociaba un importante

incremento no seu Convenio Colectivo.

Asinamos, a regañadentes, o proxecto de funcionarización porque os niveis non se axustan ao noso salario, o que creará unha clara discriminación salarial entre os traballadores/as agora fixos/as e os/as que se contraten despois deste proceso. Outra cousa a sinalar é que os aforros acadados coa sinatura da funcionarización gózanos os/as mesmas de sempre. A "negociación" estivo mediatizada, tamén, polo acordo de Xerencia cos outros sindicatos para proceder á funcionarización aínda que as asembleas se pronunciasen en contra.



Rexeitamos a actual RPT que, por certo, incumpre as promesas electorais do actual reitor. Nas asembleas previas á negociación rexeitouse a proposta de Xerencia, practicamente por unanimidade poñendo unha serie de liñas vermellas polas que, de non chegar a acordo, en cada unha delas, non se asinaría: centralización das conserxerías, organización dos Servizos Informáticos, organización dos laboratorios, funcións. O medo, totalmente infundado, difundido polo resto dos sindicatos fixo que o colectivo, finalmente, aceptase a RPT imposta pola Xerencia. Esta incoherencia levounos a dimitir do Comité de Empresa.

**Somos un sindicato que fundamenta a súa actuación nas asembleas, non nos presentamos ás eleccións sindicais sómente para facer unha actuación de "trámite". Se nos votas é para comprometerte ti tamén coas decisións e actuacións que entre todos/as decidamos.**

**Lembrámosche que para realizar a votación, o vindeiro día 27, estableceuse unha mesa electoral itinerante cos seguintes lugares e horarios:**

- De 9:00 a 11:00 no LERD Campus de Elviña (A Coruña)
- De 12:00 a 16:00 na Vicerreitoría do Campus de Esteiro (Ferrol)
- De 17:00 a 20:00 no LERD Campus de Elviña (A Coruña)





# O TEU VOTO É DETERMINANTE PARA O TEU FUTURO E PARA O DO COLECTIVO

## C A N D I D A T U R A :

### C O L E X I O D E E S P E C I A L I S T A S E N O N C U A L I F I C A D O S



**José Manuel Suárez Sánchez**  
Especialista de oficios  
Edificio Gradería  
quenda de mañá. ext. 1923



**José Manuel González Hombre**  
Especialista de oficios  
Edificio Gradería  
quenda de mañá, ext. 1923



**María Eugenia Caruncho Gil**  
Auxiliar de servizos, Residencia  
Universitaria de Ferrol  
quenda de tarde, ext. 3696



**Francisco Javier Calviño Añón**  
Conserxe, Facultade de Dereito  
quenda mañá, ext. 1500

### C O L E X I O D E T É C N I C O S E A D M I N I S T R A T I V O S



**Xosé Manuel Portela Fernández**  
Técnico especialista en Informática  
(CAU) Reitoría  
quenda de mañá, ext. 1019



**José Antonio Bouzas Gómez**, Técnico en Prevención de Riscos Laborais, quenda de mañá Reitoría, ext. 1044.



**Juan Carlos Varela López**  
Técnico especialista de laboratorio,  
CIT Ferrol  
quenda partida, ext. 3426



CUT da UDC sempre do lado das traballadoras/es

vota **CUT!!**